

PROGRAMA DE SUBVENCIONS

MEDIDA LEADER GALICIA 2014 - 2020

O **CONCELLO DA BAÑA** é parte integrante e impulsor do novo Grupo de Desenvolvemento Rural (**GDR-19**) que aspira a percibir **Fondos da Unión Europea**, para desenvolver nos próximos anos o **PROGRAMA EUROPEO LEADER**.

O **ENFOQUE LEADER** persegue unha aplicación do desenvolvemento rural baseado principalmente na participación da propia poboación do territorio, integrando todos os recursos e actores económicos e humanos que na comarca de actuación existan: **DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO**.

O elemento esencial da **METODOLOXÍA LEADER** é que se trata de “**Procesos de abaixo cara arriba**”, é dicir, as estratexias ou programas específicos de desenvolvemento rural defínense no ámbito local do territorio, e as decisións sobre as liñas concretas de aplicación das axudas e mesmo dos proxectos que se financian, son tomadas nese mesmo ámbito por partenariados de axentes públicos e privados (na súa maioría privados por esixencia do programa).

Convócase unha **REUNIÓN PARTICIPATIVA** dirixida a:

- **Autónomos e empresas,**
- **Cooperativas, S.A.T., sociedades laborais,**
- **e asociacións de calquer tipo (empresarios, culturais, xuvenís, veciños, medioambientais, etc...)**

para **DEFINIR A ESTRATEXIA** en función das potencialidades e necesidades do noso concello, en materia de desenvolvemento rural.

DATA: 20 DE MAIO DE 2016

HORA: 21:00 HORAS

LUGAR: CASA DA CULTURA, A BAÑA

Para máis información contactar coa Axencia de desenvolvemento local do

Concello da Baña ou no teléfono 981886777